



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE RIBEIRA O DÍA 3 DE SETEMBRO DO 2020.

ASISTENTES:

Presidente: D^a. María José Sampedro Fernández Membros que asisten: D^a. Juana María Brión Santamaría D. Ramón José Doval Sampedro D^a. Ana Isabel Barreiro Rego D^a Elvira Pereira Ageitos D^a. Ana Isabel Ruiz Reiriz D. Víctor Reiriz Lampón	Interventor: D. Pablo Bao Castro Secretario xeral: D. Juan Manuel Salguero del Valle Membros que non asisten: D. Manuel Ruiz Rivas (Alcalde)
--	---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as nove horas e corenta minutos do día tres de setembro do dous mil vinte, reúnen-se os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 17 de xuño de 2019, os seguintes acordos:

I.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES.

Non se presenta ningún acta para a súa aprobación.

II.- CONTRATACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

III.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 27/08/2020 **“Decreto: Aprobación do expediente de contratación da subministración (compra) dun vehículo para o servizo de emerxencias municipal”**.





IV.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

V.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VI.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VIII.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

IX.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

X.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XI.- VAOS PERMANENTES.

Visto o escrito presentado por **Carlos Alberto Teira Parada**, de data 15/06/2020 (Rexistro de entrada nº 6.105), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado na Rúa Francisco Lorenzo Mariño, nº 42, Aguiño.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 01/09/2020 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Conceder a **José Álvarez García** autorización para a instalación dun sinal de vao permanente (3,00 m.), con praca e inscrición de nº de licenza, na entrada ao garaxe do inmovible situado en Rúa Francisco Lorenzo Mariño, nº 42, Aguiño, con reforzo de pintado de liña amarela (3,00 m.) según o sinalado no citado informe policial.

- De ser o caso, con caracter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*





XII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

1.- Vista a solicitude presentada pola **Concelleira Delegada de Cultura**, María José Sampedro Fernández, de data 02/09/2020, relativa ao escrito presentado por Antonio Javier Jesús Freire Brión en representación da **Asociación Cultural Corrubedo 11 Siglos**, de data 28/08/2020 (Rexistro de entrada nº 10.577) no que solicita autorización para a celebración dunha xunta xeral desa entidade, o día 04/09/2020 a partir das 19:00 h., no espazo exterior situado fronte o Grupo Escolar, na Rúa Colexio, nº 15, Corrubedo.

Visto o informe emitido ao respecto pola Policía Local, de data 01/09/2020.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a celebración da xunta xeral da Asociación Cultural Corrubedo 11 Siglos, o día 04/09/2020 a partir das 19:00 h., no espazo exterior situado fronte o Grupo Escolar, na Rúa Colexio, nº 15, Corrubedo
- Deberá cumprir cos parámetros establecidos sobre medidas de prevención previstas na Resolución da Consellería de Sanidade, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo Covid 19.

APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS PARA ACTIVIDADES CULTURAIS NO ANO 2020.

Vista a proposta da Concelleira Delegada de Cultura, María José Sampedro Fernández, de data 01/09/2020, na que solicita se dea trámite ao correspondente procedemento administrativo para a posta en marcha da convocatoria de achegas para a promoción de actividades culturais correspondente ao exercicio 2020.

Visto o informe emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 02/09/2020.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** aprobar a convocatoria e bases específicas para a concesión de subvencións para Actividades Culturais no ano 2020.

CONVENIOS DE COLABORACIÓN.

1.- APROBACIÓN DO BORRADOR DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIBEIRA E A ASOCIACIÓN ANTIDROGA RENACER.

VISTA a proposta presentada pola Concelleira de Servizos Sociais, Promoción Social, Igualdade e Diversidade, Ana Isabel Ruiz Reiriz, de data 19/08/2020, para a aprobación do borrador do Convenio de Colaboración entre o Concello de Riveira e a





Asociación Antidroga Renacer.

VISTO que o obxecto do devandito convenio consiste en colaborar no financiamento de proxectos encamiñados a diminuír a influencia dos factores sociais que conducen a situacións de exclusión social, apoiando accións orientadas á mellora da saúde psicosocioeducativa e calidade de vida dos colectivos máis vulnerables como a infancia e a adolescencia. Neste caso concreto, o Programa de prevención no eido das drogodependencias.

VISTO o informe que obra no expediente do Interventor Xeral da Corporación, de data 25/08/2020.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía, **acorda** por unanimidade dos seus membros:

Primeiro.- Aprobar o borrador do Convenio Colaboración entre o Concello de Riveira e a Asociación Antidroga Renacer; cunha consignación por importe de 3.000,00 € na aplicación orzamentaria 312A 48000 en concepto de subvención.

Segundo.- Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente tan amplamente como en Dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.

2.- APROBACIÓN DO BORRADOR DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIVEIRA E A ASOCIACIÓN AMBAR.

VISTA a proposta presentada pola Concelleira de Servizos Sociais, Promoción Social, Igualdade e Diversidade, Ana Isabel Ruiz Reiriz, de data 19/08/2020, para a aprobación do borrador do Convenio de Colaboración entre o Concello de Riveira e a Asociación Ambar.

VISTO que o obxecto do devandito convenio consiste en colaborar no financiamento de proxectos encamiñados a diminuír a influencia dos factores sociais que conducen a situacións de exclusión social, apoiando accións orientadas á mellora da saúde psicosocial e calidade de vida de persoas con diversidade funcional. Neste caso concreto, o Programa Vivindo na Comunidade.

VISTO o informe que obra no expediente do Interventor Xeral da Corporación, de data 02/09/2020.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía, **acorda** por unanimidade dos seus membros:

Primeiro.- Aprobar o borrador do Convenio Colaboración entre o Concello de Riveira e a Asociación Ambar; cunha consignación por importe de 3.000,00 € na aplicación orzamentaria 312A 48009 en concepto de subvención.

Segundo.- Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente tan amplamente como en Dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.





3.- APROBACIÓN DO BORRADOR DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIVEIRA E A ASOCIACIÓN AMICOS.

VISTA a proposta presentada pola Concelleira de Servizos Sociais, Promoción Social, Igualdade e Diversidade, Ana Isabel Ruiz Reiriz, de data 19/08/2020, para a aprobación do borrador do Convenio de Colaboración entre o Concello de Riveira e a Asociación Amicos.

VISTO que o obxecto do devandito convenio consiste en colaborar no financiamento de proxectos encamiñados a diminuír a influencia dos factores sociais que conducen a situacións de exclusión social, apoiando accións orientadas á mellora da saúde psicosocial e calidade de vida de persoas con diversidade funcional. Neste caso concreto, Servizo de Atención Psicolóxica.

VISTO o informe que obra no expediente do Interventor Xeral da Corporación, de data 25/08/2020.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía, **acorda** por unanimidade dos seus membros:

Primeiro.- Aprobación do borrador do Convenio Colaboración entre o Concello de Riveira e a Asociación Amicos; cunha consignación por importe de 3.000,00 € na aplicación orzamentaria 231A 48010 en concepto de subvención.

Segundo.- Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente tan amplamente como en Dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.

4.- APROBACIÓN DO BORRADOR DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIVEIRA E A FUNDACIÓN FAIBEN.

VISTA a proposta presentada pola Concelleira de Servizos Sociais, Promoción Social, Igualdade e Diversidade, Ana Isabel Ruiz Reiriz, de data 19/08/2020, para a aprobación do borrador do Convenio de Colaboración entre o Concello de Riveira e a Fundación Faiben.

VISTO que o obxecto do devandito convenio consiste en colaborar no financiamento de proxectos encamiñados a diminuír a influencia dos factores sociais que conducen a situacións de exclusión social, apoiando accións orientadas á mellora da saúde psicosocial e calidade de vida de colectivos como a infancia. Neste caso concreto, o Proxecto Contigo.

VISTO o informe que obra no expediente do Interventor Xeral da Corporación, de data 25/08/2020.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía, **acorda** por unanimidade dos seus membros:





Primeiro.- Aprobar o borrador do Convenio Colaboración entre o Concello de Riveira e a Fundación Faiben; cunha consignación por importe de 3.000,00 € na aplicación orzamentaria 231A 48012 en concepto de subvención.

Segundo.- Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente tan amplamente como en Dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.

5.- APROBACIÓN DO BORRADOR DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIVEIRA E A ASOCIACIÓN A CREBA.

VISTA a proposta presentada pola Concelleira de Servizos Sociais, Promoción Social, Igualdade e Diversidade, Ana Isabel Ruiz Reiriz, de data 19/08/2020, para a aprobación do borrador do Convenio de Colaboración entre o Concello de Riveira e a Asociación A Creba.

VISTO que o obxecto do devandito convenio consiste en colaborar no financiamento de proxectos encamiñados a diminuír a influencia dos factores sociais que conducen a situacións de exclusión social, apoiando accións orientadas á mellora da saúde psicosocial e calidade de vida de persoas con diversidade funcional. Neste caso concreto, Programa de Transporte de Usuarios.

VISTO o informe que obra no expediente do Interventor Xeral da Corporación, de data 25/08/2020.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía, **acorda** por unanimidade dos seus membros:

Primeiro.- Aprobar o borrador do Convenio Colaboración entre o Concello de Riveira e a Asociación A Creba; cunha consignación por importe de 3.000,00 € na aplicación orzamentaria 231A 48011 en concepto de subvención.

Segundo.- Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente tan amplamente como en Dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.

A Presidencia levanta a sesión sendo as nove horas e cincuenta minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

A Presidenta da sesión
María José Sampedro Fernández

Dou fe, o secretario xeral
Juan Manuel Salguero del Valle

